

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

1674 *Real decreto lei 2/2012, do 3 de febreiro, de saneamento do sector financeiro.*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Catro anos despois do inicio da crise financeira internacional, os problemas de confianza no sector financeiro e de restrición de crédito persisten. A pesar das distintas medidas que levaron a cabo tanto os Estados a nivel individual como de forma coordinada no ámbito internacional, os continuados problemas de liquidez e financiamento xunto coa forte deterioración dos activos das entidades de crédito incrementaron as dificultades de acceso ao financiamento con graves efectos sobre a economía real.

Neste contexto, a duración, intensidade e extensión da crise puxeron de manifesto os problemas fundamentais que acusa o sector bancario español e que lle impiden cumprir hoxe o seu papel esencial de canalización do crédito cara á economía real, en apoio da actividade empresarial, o emprego e o consumo.

O principal lastre do sector bancario español é a magnitude da súa exposición aos activos relacionados co sector inmobiliario, activos que sufriron unha forte deterioración debido á recente evolución da economía.

En efecto, as dúbidas respecto á valoración de tales activos e o aumento notable dos préstamos cualificados como dubidosos xeran uns efectos perversos tanto sobre o propio sector financeiro, dificultando o acceso das entidades españolas ao financiamento grosista, coma sobre o sector real ao agravar a restrición do crédito.

Outra das principais consecuencias da actual crise e a contracción da demanda de servizos financeiros é o sobredimensionamento do sector bancario español. O exceso de capacidade instalada que presenta e a estrutura de custos que disto deriva dificulta a eficiencia e capacidade de competir das nosas entidades.

Neste contexto, os efectos dos esforzos normativos e supervisores desenvolvidos ata a data, a nivel internacional, comunitario e nacional, víronse limitados sen poder evitar o empeoramento das condicións en que deben operar as entidades españolas.

Desde o comezo da crise en 2008, as medidas adoptadas a nivel internacional viñeron inspiradas pola vontade de corrixir os fallos do mercado financeiro que as turbulencias evidenciaron. O obxectivo era evitar ou en calquera caso limitar as consecuencias de crises financeiras futuras no resto da economía. Esas medidas incluían unha intensificación da supervisión prudencial, tanto no ámbito das entidades particulares como desde unha perspectiva macroprudencial, e a adopción de requirimentos máis exixentes de recursos propios e liquidez para as entidades de crédito. Como complemento a este novo marco regulatorio e supervisor puxéronse ao servizo das entidades con problemas esquemas de garantías reforzados, mecanismos de fomento da liquidez e mesmo fondos públicos para asistir na recapitalización e reestruturación delas.

No caso español, os fitos que ata hoxe caracterizan a reforma do sistema financeiro inclúen o establecemento do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros (FAAF) para conceder apoio á liquidez das entidades de crédito e o fortalecemento dos procedementos de intervención, disciplina e solución de entidades a través do Real decreto lei 9/2009 polo que se creaba o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), no cal se articula un mecanismo de apoio temporal como incentivo a un reaxuste da capacidade do sector.

Posteriormente, reformouse o réxime xurídico das caixas de aforro mediante o Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforro, a raíz do cal se pretendía alcanzar unha maior

profesionalización das caixas de aforro e, sobre todo, dotadas de capacidade para poder acceder aos mercados de capital básico.

Finalmente, co Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro, fortaleceuse o nivel de solvencia de todas as entidades de crédito, incrementando os requirimentos de capital mínimos tanto en termos de cantidade coma de calidade destes.

Todas estas medidas se encamiñaron a eliminar as debilidades conxunturais das entidades de crédito españolas no contexto de escaseza de liquidez que existiu desde o inicio da crise. Non obstante, ata agora non se adoptaron previsións conducentes a lograr o saneamento dos balances das entidades de crédito, afectados negativamente pola deterioración dos seus activos vinculados ao sector inmobiliario. Advertido o impacto que a dita deterioración ten sobre a solidez de noso sistema financeiro, faise imperativo deseñar unha estratexia integral de reforma que incida sobre a valoración destes activos e comporte o saneamento dos balances das entidades de crédito españolas nun proceso transparente, en grao tal que se recupere a credibilidade e a confianza no sistema español.

Dispor duns balances saneados é un requisito básico para que as entidades financeiras poidan cumprir coa súa función esencial de canalizar o aforro cara a proxectos de investimento eficientes que fomenten a actividade, o crecemento e o emprego. Para tal fin, adóptanse medidas que permitirán ás entidades financeiras empezar o exercicio 2013 coas súas contas saneadas, o cal mellorará a confianza, credibilidade e fortaleza do sistema. Así mesmo, facilitarase un mellor acceso das entidades aos mercados de capitais, que contribuirá á fluidez do crédito á economía real.

Os outros dous eixes fundamentais deste renovado impulso de reforma financeira son a creación de incentivos que propicien un axuste adecuado e eficiente do exceso de capacidade e o fortalecemento da gobernanza das entidades resultantes dos procesos de integración. Unha última característica fundamental desta reforma é que o seu custo deberá ser asumido na súa totalidade polo sector financeiro.

II

O título I contén as medidas relativas ao saneamento do sector financeiro. Trátase, esencialmente, de articular novos requirimentos de provisións e capital adicionais, orientados en exclusiva á cobertura da deterioración nos balances bancarios ocasionada polos activos vinculados á actividade inmobiliaria. Deste modo, débese lograr unha mellora do tratamento prudencial do risco de crédito que aínda puidese estar lastrando os balances do sector financeiro español, ao tempo que se trata de disipar as incertezas que veñen dificultando a súa normalización e a recuperación da súa función canalizadora do aforro á economía real.

O eixe central do saneamento dos balances artículase a través dun novo esquema de cobertura para todos os financiamentos e activos adxudicados ou recibidos en pagamento de débeda relacionados co sector inmobiliario. Este novo réxime establécese mentres subsistan as incertezas extraordinarias que, por falta de mercados suficientemente profundos en volume e importancia de transaccións, existen sobre a valoración de activos relacionados con solo para promoción inmobiliaria en España e coas construcións ou promocións inmobiliarias en España de todo tipo de activos, tanto en curso como terminadas. Estes novos requirimentos responden á situación efectiva na actualidade dos activos inmobiliarios das entidades de crédito, concibidos de modo realista para obter unha estimación razoable da deterioración para o conxunto das carteiras destes activos, que se deben recoñecer de acordo co marco contable aplicable en España. Imponse, así mesmo, un novo requirimento de capital suplementario da máxima calidade (capital principal), sobre a mesma base de cobertura de activos dubidosos ou subéstandar ou adxudicados en pagamento derivados do financiamento de solo para promoción inmobiliaria.

O axuste das entidades a estas novas exixencias deberase executar durante este mesmo ano 2012, de modo que, antes do 31 de marzo, deberán presentar ao Banco de

España a súa estratexia de axuste para dar debido cumprimento ao exercicio de saneamento. Deste modo, os efectos positivos sobre a confianza, transparencia e sustentabilidade do noso sector financeiro deberanse alcanzar sen máis demoras.

Así mesmo, estableceuse un mecanismo de flexibilización para aquelas entidades que requiran modificacións organizativas de carácter estrutural para acometer os axustes derivados dos novos requirimentos legais. Deste modo, ampliáanse os prazos para dar cumprimento aos axustes. Aquelas entidades de crédito que leven a cabo procesos de integración durante o exercicio 2012, disporán dun prazo adicional de doce meses para dar cumprimento aos novos requirimentos. Para que as entidades de crédito se poidan acoller ao réxime previsto, é necesario que o proceso de integración cumpra cunha serie de requisitos. Estas exixencias oriéntanse a asegurar que o proceso de integración teña un volume mínimo significativo, a que se inclúan compromisos e obxectivos como a adopción de medidas para a mellora do goberno corporativo das entidades, ao incremento do crédito ás familias e pequenas e medianas empresas, ou á colocación no mercado dos activos inmobiliarios propiedade das entidades.

III

Pola súa parte, o título II realiza algúns axustes no Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito, para facilitar o papel do FROB ante o novo contexto regulatorio.

No que concirne ao artigo 9 do Real decreto lei 9/2009, relativo aos instrumentos para o reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito, este real decreto lei vén realizar certos axustes ou actualizacións necesarias. Restrínxese a canle de apoio financeiro do FROB á adquisición de accións, salvo para os procesos competitivos de desinvestimento, que poderán ir acompañados doutro tipo de ferramentas de axuda. Así mesmo, redúcese o prazo de desinvestimento de cinco a tres anos. Por último, procédese á supresión da posibilidade que tiña o FROB de desinvestir, no prazo de un ou dous anos, os títulos adquiridos ás entidades emisoras destes ou a terceiros investidores propostos pola entidade beneficiaria da súa actuación.

En relación co artigo 10 do Real decreto lei 9/2009, a principal modificación que se introduce é a ampliación dos instrumentos que pode adquirir o FROB para incluír os convertibles en accións, o que supera o marco anterior circunscrito ás participacións preferentes.

IV

O título III prevé a modificación do Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforro.

Por un lado, preténdese a simplificación da estrutura organizativa e dos requisitos operativos das caixas de aforro que exercen a súa actividade de forma indirecta. Así, os órganos de goberno redúcense á Asemblea Xeral e ao Consello de Administración, sendo potestativa a Comisión de Control. Do mesmo modo, sinálase que o número de membros dos órganos de goberno así como a periodicidade das súas sesións serán determinados polos estatutos da caixa de aforro atendendo á dimensión económica e á actividade da entidade, co fin de que se produza un axuste e redimensionamento da estrutura organizativa das caixas de aforro a unha nova realidade na cal se desprenderon de toda a actividade financeira que desenvolvían.

Por outro lado, establécese un límite á disposición dos excedentes que obteñan as caixas de aforro de modo que, sen prexuízo do cumprimento do disposto na normativa de recursos propios, as caixas de aforro de exercicio indirecto non poderán destinar máis do 10 % dos seus excedentes de libre disposición a gastos diferentes dos correspondentes á obra social. E isto sen prexuízo de que se poida autorizar o destino de porcentaxes superiores necesarias para atender gastos esenciais de funcionamento das entidades. Tamén se introducen disposicións para simplificar o funcionamento, periodicidade e forma de convocatoria das asembleas xerais.

Continuando coa liña de simplificación do funcionamento das caixas de aforro de exercicio indirecto, exímense expresamente do cumprimento das obrigas referidas a servizos de atención ao cliente que, en todo caso, deberán ser cumpridas pola entidade de crédito a través da cal exerzan a súa actividade. O Banco de España poderá adaptar ou eximir igualmente do cumprimento dos requirimentos organizativos en materia de control interno, auditoría e xestión de riscos recollidos na Lei 13/1985, do 25 de maio, e a súa normativa de desenvolvemento.

Finalmente, introdúcese unha referencia ao suposto en que as caixas reduzan a súa participación de modo que non alcance o 25 % dos dereitos de voto, suposto no cal tamén deberán renunciar á autorización para actuar como entidade de crédito, aínda que manteñan unha posición de control.

Nestes supostos de perda de control ou redución da participación por debaixo do límite sinalado, as caixas de aforro perderán a súa condición de entidades de crédito e transformaranse nunha fundación especial. Establécense determinadas especificidades para as fundacións de carácter especial de ámbito estatal.

V

O título IV contén o réxime aplicable ás retribucións dos administradores e directivos de entidades de crédito que precisasen ou necesiten no futuro apoio financeiro do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria. O dito réxime parte dunha distinción entre as entidades participadas maioritariamente polo Fondo e aquelas que, doutro modo, foron asistidas por el, impondo unhas regras máis estritas no caso das primeiras. As regras contidas neste título non fan senón continuar a senda marcada polas recomendacións do Financial Stability Board (FSB) e da Comisión Europea, a Directiva 2010/76/UE, do 24 de novembro de 2010 e as normas que incorporaron ao dereito español esta última. Así mesmo, o réxime establecido tomou en consideración o contido do Informe sobre remuneracións emitido o pasado 27 de xaneiro polo Banco de España en resposta á solicitude do ministro de Economía e Competitividade.

VI

Así mesmo, na parte final da norma introdúcese un tratamento especial e máis flexible para aquelas entidades de crédito que teñan en circulación participacións preferentes ou instrumentos de débeda obrigatoriamente convertibles emitidas antes da entrada en vigor deste real decreto lei. Poderán incluír, no plan de cumprimento que desenvolvan, a solicitude de diferir o pagamento da remuneración prevista a pesar da ausencia de beneficios ou reservas distribuibles ou a existencia dun déficit de recursos propios. Ao mesmo tempo, modifícase a disposición transitoria terceira do Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro, flexibilizando algúns requisitos destes instrumentos de débeda obrigatoriamente convertibles para o seu cómputo como capital principal.

Finalmente, co fin de facilitar a xestión das garantías financeiras que outorgan as entidades financeiras a favor do Banco de España, do Banco Central Europeo ou doutros bancos centrais nacionais da Unión Europea, modifícase a disposición adicional sexta da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España. Isto terá como consecuencia unha redución no custo operativo das ditas actuacións, ademais de repercutir favorablemente nas operacións que as entidades financeiras levan a cabo co Eurosistema, destacando, en especial, unha maior facilidade operativa para recibir financiamento deste.

En definitiva, a adopción das medidas recollidas neste real decreto lei conduce ao fortalecemento do sector financeiro pola vía de acometer o necesario saneamento da súa situación financeira. Os efectos da crise inmobiliaria sobre os balances das entidades xeraron unha espiral de incerteza sobre o conxunto do sector que non se pode prolongar máis. Resulta, por isto, imperativo e ineludible no actual contexto económico intervir lexislativamente co obxecto de eliminar as incertezas sobre a nosa estabilidade financeira

e contribuír a reforzar a confianza no noso sistema financeiro, conseguindo que se orixinen dinámicas positivas que xeren crédito e faciliten o acceso ao financiamento por parte das nosas empresas e familias. Por isto a adopción de tales medidas exige acudir ao procedemento do real decreto lei, cumpríndose os requisitos do artigo 86 da Constitución española en canto á súa extraordinaria e urxente necesidade.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de febreiro de 2012,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Saneamento das entidades de crédito

Artigo 1. *Medidas para o saneamento dos balances das entidades de crédito.*

1. Aos financiamentos e activos adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas relacionados co solo para promoción inmobiliaria e coas construcións ou promocións inmobiliarias, correspondentes á actividade en España das entidades de crédito, tanto existentes en 31 de decembro de 2011 como procedentes do refinanciamento destes nunha data posterior, e que na referida data tivesen unha clasificación distinta de risco normal, seranlles de aplicación as regras de estimación contidas no anexo I para determinar a súa deterioración.

2. Sobre o total dos financiamentos da natureza indicada no número 1 que, en 31 de decembro de 2011, estivesen clasificados como risco normal, constituirase, por unha soa vez, unha cobertura do 7 % do seu saldo vivo na dita data. O importe da dita cobertura poderá ser utilizado polas entidades exclusivamente para a constitución das coberturas específicas que resulten necesarias como consecuencia da reclasificación posterior como activos dubidosos ou subestándar de calquera dos ditos financiamentos ou da adxudicación ou recepción de activos en pagamento das ditas débedas.

3. Os grupos consolidables de entidades de crédito, así como as entidades de crédito non integradas nun grupo consolidable que, de conformidade co disposto no artigo 1 do Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro, deban cumprir un nivel mínimo de capital principal, deberán contar cun exceso adicional polo importe que resulte dos cálculos previstos no anexo II, en relación cos activos sinalados no número 1.

4. Sen prexuízo do disposto no número 1 do artigo 2, as entidades de crédito e os grupos consolidables de entidades de crédito aos cales resulten de aplicación os números 1 a 3 anteriores deberán cumprir co previsto neles antes do 31 de decembro de 2012.

Para isto, antes do 31 de marzo de 2012 presentarán ao Banco de España un plan en que detallarán as medidas que teñen previsto adoptar.

O plan presentado deberá ser aprobado no prazo de quince días hábiles polo Banco de España, o cal poderá incluír as modificacións ou medidas adicionais necesarias para garantir o cumprimento do previsto no presente real decreto lei.

5. As obrigas previstas neste real decreto lei consideraranse normas de ordenación e disciplina, polo que as entidades e persoas que as incumpran incorrerán en responsabilidade administrativa sancionable de acordo co disposto no título I da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

6. O incumprimento do previsto nos números 1 e 2 deste artigo 1 consideraranse infracción grave ou moi grave de acordo co previsto na alínea h) do artigo 5 e na alínea c) do artigo 4 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

7. O incumprimento do previsto no número 3 deste artigo 1 consideraranse infracción grave ou moi grave de acordo co previsto na alínea h) do artigo 5 e na alínea c) do artigo 4 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

Artigo 2. *Procesos de integración.*

1. As entidades de crédito que leven a cabo procesos de integración durante o exercicio 2012 disporán de doce meses desde a autorización da operación de integración prevista no número 4 seguinte para dar cumprimento aos requirimentos previstos no artigo 1.

2. Poderanse acoller a este réxime aqueles procesos de integración iniciados a partir do 1 de setembro de 2011 sempre e cando cumpran os seguintes requisitos:

a) A integración das entidades participantes na operación deberá xerar un balance total inicial superior en polo menos un 20 % ao balance total dos negocios en España da maior das entidades participantes. Por proposta do Banco de España poderase exceptuar este requisito na resolución final, aínda cando non se alcance esa cifra, atendendo ás circunstancias concorrentes en operacións de análoga dimensión, sen que en ningún caso o incremento poida ser inferior ao 10 % do balance total dos negocios en España da maior das entidades participantes.

b) O proceso de integración deberase levar a cabo a través de operacións que supoñan modificacións estruturais conforme a normativa vixente ou de operacións de adquisición de entidades que, na data de entrada en vigor deste real decreto lei, se encontren participadas maioritariamente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria. Este réxime non será de aplicación a procesos de integración que descansen exclusivamente sobre vínculos contractuais, salvo naqueles procesos en que só participen cooperativas de crédito.

c) As entidades participantes adoptarán medidas tendentes á mellora do seu goberno corporativo e deberán presentar un plan de remuneración de directivos e administradores. Con carácter xeral adaptaranse ao disposto no código unificado de bo goberno das sociedades cotizadas e, en particular, deberán cumprir co disposto no artigo 13 do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito.

d) O proxecto de integración incluírá un obxectivo cuantificado de incremento de crédito ás familias e pequenas e medianas empresas durante os tres exercicios seguintes á integración.

e) O proxecto de integración deberá igualmente incluír un plan de desinvestimento de activos relacionados con riscos inmobiliarios durante os tres exercicios seguintes á integración.

f) A entidade resultante deberá ser viable desde a perspectiva económico-financeira.

g) As xuntas de accionistas ou asembleas xerais das entidades que se integran deberán votar favorablemente o acordo de integración antes do 30 de setembro de 2012. En todo caso, a integración deberase concluír non máis tarde do 1 de xaneiro de 2013.

3. Este réxime non será de aplicación a procesos de integración en que unicamente participen entidades que pertencen a un mesmo grupo de entidades de crédito.

4. A operación de integración deberá ser autorizada polo ministro de Economía e Competitividade no prazo dun mes contado desde a presentación da solicitude de autorización.

Esta solicitude deberase presentar perante a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira antes do 31 de maio de 2012. O cumprimento do dito prazo non será exixible no caso de operacións de adquisición de entidades que, na data de entrada en vigor deste real decreto lei, se encontren participadas maioritariamente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria. A solicitude irá acompañada do proxecto que acredite o cumprimento dos requisitos previstos nas alíneas a) a f) do número 2.

O Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores, no ámbito das súas respectivas competencias, emitirán informe sobre o cumprimento dos ditos requisitos atendendo especialmente á viabilidade da entidade resultante; para tales efectos poderán solicitar todos aqueles informes que consideren oportunos.

O outorgamento da autorización prevista neste punto determinará que non se requira ningunha autorización administrativa ulterior no ámbito da ordenación do crédito e a banca, incluída aquela a que se refire o parágrafo terceiro do artigo 10.1 do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito. En todo caso, serán exixibles as establecidas pola lexislación en materia de defensa da competencia.

5. No curso do procedemento de autorización da integración valoraranse os acordos marco ou protocolos existentes ou que se asinen entre as entidades concernidas, en particular, naqueles supostos en que se produza a atribución a algunha delas dun grao de control superior ao que corresponda á súa participación na entidade resultante e a autorización poderá condicionarse á introdución neles das oportunas modificacións.

TÍTULO II

Modificación do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito

Artigo 3. *Modificación do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito.*

O Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito, queda modificado como segue:

Un. O segundo parágrafo do artigo 2.5 queda redactado nos seguintes termos:

«Os recursos alleos obtidos polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, calquera que sexa a modalidade da súa instrumentación, non deberán exceder o montante de tres veces a dotación que exista en cada momento. Non obstante, o ministro de Facenda e Administracións Públicas poderá autorizar que se exceda este límite sen que, en ningún caso, o financiamento alleo do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria poida supor máis de seis veces a súa dotación.»

Dous. O artigo 7.2.b) queda redactado nos seguintes termos:

«b) No prazo dun mes desde a súa designación, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria elaborará un informe detallado sobre a situación patrimonial e a viabilidade da entidade e someterá á aprobación do Banco de España un plan de reestruturación da entidade que permita a superación da situación de dificultade en que se encontre mediante a súa fusión con outra ou outras entidades de recoñecida solvencia ou o traspaso parcial ou total do seu negocio a outra ou outras entidades a través da cesión global ou parcial dos seus activos e pasivos mediante procedementos que aseguren a competencia, como, entre outros, o sistema de poxa. Por petición razoada do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, o Banco de España poderá ampliar o citado prazo ata un máximo de seis meses. Simultaneamente, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria elevará ao ministro de Facenda e Administracións Públicas e ao ministro de Economía e Competitividade unha memoria económica en que se detalle o impacto financeiro do plan de reestruturación presentado sobre os fondos achegados con cargo aos orzamentos xerais do Estado. Sobre a base dos informes emitidos pola Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira e pola Intervención Xeral da Administración do Estado, o ministro de Facenda e Administracións Públicas poderase opor, motivadamente, no prazo de cinco días hábiles desde que lle sexa elevada a dita memoria.»

Tres. O artigo 9 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 9. *Instrumentos para o reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito.*

1. O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria poderá adquirir accións ordinarias representativas do capital social ou achegas ao capital social das entidades que, sen incorreren nas circunstancias establecidas no artigo 6 deste real decreto lei, necesiten reforzar os seus recursos propios e así o soliciten.

2. A subscrición dos títulos a que se refire o punto anterior estará condicionada á elaboración pola entidade solicitante dun plan de recapitalización, co contido que se precisa no capítulo II. O dito plan deberá ser aprobado polo Banco de España, que deberá subministrar a información ao Ministerio de Economía e Competitividade a través da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

A adquisición de accións ordinarias representativas do capital social por parte do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria requirirá que se acorde a supresión do dereito de subscrición preferente dos accionistas existentes no momento da adopción do acordo de emisión ou a renuncia por todos eles a ese dereito.

3. Con carácter previo á decisión sobre a subscrición de títulos, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria elevará ao ministro de Facenda e Administracións Públicas e ao ministro de Economía e Competitividade unha memoria económica en que se detalle o impacto financeiro desa adquisición sobre os fondos achegados con cargo aos orzamentos xerais do Estado. Sobre a base dos informes emitidos pola Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira e pola Intervención Xeral da Administración do Estado, o ministro de Facenda e Administracións Públicas poderá oporse, motivadamente, no prazo de cinco días hábiles desde que lle sexa elevada a dita memoria.

4. As achegas comprometidas polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria poderanse realizar en efectivo ou mediante a entrega de valores representativos de débeda pública ou valores emitidos polo propio Fondo. Así mesmo, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria poderá satisfacer as achegas comprometidas mediante compensación dos créditos que teña fronte ás entidades solicitantes.

5. O prezo de adquisición ou subscrición fixarase de acordo co valor económico da entidade de crédito, que será determinado por un ou varios expertos independentes que designará o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria. A valoración levarase a cabo a través dun procedemento que desenvolverá o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria seguindo as metodoloxías comunmente aceptadas e tomará como base as proxeccións económico-financeiras para o negocio da entidade en cuestión que elaboren os expertos designados polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria. Entre outros factores, esta valoración terá en conta, se é o caso, as operacións de saneamento de carácter extraordinario acometidas polas entidades.

Se durante os cinco meses anteriores á subscrición se colocase entre terceiros investidores unha porcentaxe de capital significativa, para os efectos de poder considerar o prezo pagado como valor de mercado, e a dita porcentaxe for superior á que adquiera o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, o prezo de subscrición será o mesmo ao que se realizase a citada colocación. Se, tratándose dunha porcentaxe de capital significativa, a dita porcentaxe fose inferior á adquirida polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, o prezo de subscrición terá como referencia o prezo da citada colocación. En todo caso, a adquisición ou subscrición realizarase de conformidade coa normativa española e da Unión Europea en materia de competencia e axudas de Estado.

A fixación do prezo de subscrición realizarase logo de informe da Intervención Xeral da Administración do Estado.

6. A subscrición de accións e achegas ao capital social polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria determinará, en todo caso, por si mesma e sen necesidade de ningún outro acto ou acordo, a súa incorporación ao órgano de administración da entidade emisora co obxecto de garantir o cumprimento adecuado do Plan de Recapitalización. O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria nomeará a persoa ou persoas físicas que teñan a súa representación para tal efecto e disporá no órgano de administración de tantos votos como os que resulten de aplicar ao número total de votos a súa porcentaxe de participación na entidade.

Para os efectos do previsto no número sétimo do artigo 5 do Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforro, non se terá en conta a participación do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria no capital social dunha entidade.

7. Será de aplicación aos títulos subscritos polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, en exercicio das funcións que se lle encomendan neste artigo, o disposto nos números 6 e 9 do artigo 7.

8. Co fin de asegurar unha maior eficiencia no uso dos recursos públicos, o desinvestimento polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria dos títulos subscritos en exercicio das funcións que se lle encomendan neste artigo realizarase mediante o seu alleamento a través de procedementos competitivos e dentro dun prazo non superior aos tres anos contados desde a data da súa subscrición. O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria poderá adoptar calquera das medidas previstas no número 3 do artigo 7 para apoiar o procedemento competitivo de desinvestimento.

Sen prexuízo do previsto no parágrafo anterior, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria poderá concorrer xunto con algún ou algúns dos demais socios ou accionistas da entidade de crédito en cuestión aos eventuais procesos de venda de títulos nos mesmos termos que estes poidan concertar.

O alleamento realizarase logo do informe da Intervención Xeral da Administración do Estado.

O previsto neste punto entenderase sen prexuízo do cumprimento da lexislación aplicable en materia de defensa da competencia.

9. Con periodicidade trimestral, a entidade solicitante remitirá ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria un informe sobre o grao de cumprimento das medidas recollidas no plan de recapitalización aprobado. O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, á vista do contido dese informe, poderá requirir a adopción das accións que sexan necesarias para asegurar que o plan de recapitalización se leva efectivamente a termo.

10. Se, como consecuencia da evolución da situación económico-financeira da entidade ou do desenvolvemento das condicións dos mercados, o plan de recapitalización non se puiden levar a cabo e a entidade se encontrar na situación prevista no artigo 6, aplicaráselle á dita entidade o disposto no artigo 7. Deberase prever nos plans que, de acordo con ese artigo, se aprobe o que proceda respecto dos títulos subscritos polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.»

Catro. O artigo 10 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 10. *Medidas de apoio a procesos de integración de entidades de crédito.*

1. O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria poderá igualmente adquirir títulos emitidos por entidades de crédito que, sen incorreren nas circunstancias establecidas no artigo 6 do presente real decreto lei, vaian acometer un proceso de integración e necesiten reforzar os seus recursos propios.

Para tal efecto, as entidades en cuestión elaborarán un plan de integración que deberá conter compromisos específicos de mellora da súa eficiencia, de racionalización da súa administración e xerencia, así como de redimensionamento

da súa capacidade produtiva, e todo isto coa finalidade de mellorar as súas perspectivas futuras.

O plan de integración deberá contar coa aprobación do Banco de España.

Ao decidir sobre a adopción dalgunha destas medidas, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria deberá ter en conta o prazo e risco da operación, a necesidade de evitar distorsións competitivas así como que con isto se facilite a execución e o cumprimento do plan de integración aprobado polo Banco de España. En todo caso, a decisión estará presidida polo principio de utilización máis eficiente dos recursos públicos.

2. Os títulos a que se refire o número 1 anterior serán instrumentos convertibles en accións ou en achegas ao capital social.

As entidades emisoras deberán aprobar, no momento da adopción do acordo de emisión dos títulos previstos neste artigo, os acordos necesarios para a ampliación de capital ou a subscripción de achegas ao capital na contía necesaria. Os termos e condicións da retribución dos títulos estableceranse tendo en conta a normativa de axudas de Estado.

A adquisición de títulos convertibles por parte do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria requirirá que se acorde a supresión do dereito de subscripción preferente dos accionistas ou cotapartícipes existentes no momento da adopción do acordo de emisión, ou a renuncia por todos eles a ese dereito.

As entidades emisoras deberanse comprometer a recomprar ou amortizar os títulos subscritos polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria tan pronto como estean en condicións de facelo nos termos comprometidos no plan de integración. Transcorridos cinco anos desde o desembolso sen que os títulos fosen recomprados pola entidade, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria poderá solicitar a súa conversión en accións ou en achegas sociais do emisor. O exercicio desta facultade deberase realizar, se é o caso, no prazo máximo de seis meses contados a partir da finalización do quinto ano desde que se produciu o desembolso. Non obstante o anterior, o acordo de emisión deberá recoller así mesmo a convertibilidade dos títulos por instancia do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria se, antes do transcurso do prazo de cinco anos, o Banco de España considera improbable, á vista da situación da entidade ou o seu grupo, que a súa recompra ou amortización se poida levar a cabo nese prazo.

A conversión realizarase en condicións de mercado e de acordo co valor económico da entidade emisora dos títulos nese momento, que se determinará de acordo co previsto no artigo 9.5 do presente real decreto lei.

Os títulos emitidos ao abeiro do disposto neste precepto serán computables como recursos propios básicos e como capital principal, sen que para isto sexa obrigatorio que coticen nun mercado secundario organizado. Para estes efectos, non lles serán de aplicación as limitacións que a lei establece para a computabilidade dos recursos propios e do capital principal.

O acordo de emisión destes títulos deberase axustar ás restantes condicións comprometidas no plan de integración.

3. Con carácter previo á efectiva adopción dalgunha das medidas previstas neste artigo, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria elevará ao ministro de Facenda e Administracións Públicas e ao ministro de Economía e Competitividade unha memoria económica en que se detalle o seu impacto financeiro sobre os fondos achegados con cargo aos orzamentos xerais do Estado. Sobre a base dos informes emitidos pola Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira e pola Intervención Xeral da Administración do Estado, o ministro de Facenda e Administracións Públicas poderase opor, motivadamente, no prazo de cinco días hábiles desde que lle sexa elevada a dita memoria.

4. O desinvestimento polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria dos títulos que adquira ao abeiro do previsto neste artigo realizarase mediante a súa recompra dos títulos pola entidade emisora ou o seu alleamento a terceiros. Cando

o desinvestimento dos ditos títulos ou dos resultantes da súa conversión se realice mediante o seu alleamento a terceiros, este deberase levar a cabo a través de procedementos competitivos e dentro dun prazo non superior aos cinco anos contados desde o desembolso, prazo que non será de aplicación no caso de que á entidade lle sexa de aplicación o número 8 deste artigo. O desinvestimento de achegas ao capital social non estará suxeito a ningunha limitación legal ou estatutaria. O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria poderá adoptar calquera das medidas previstas no número 3 do artigo 7 para apoiar o procedemento competitivo de desinvestimento.

5. Á conversión dos títulos seralle de aplicación o disposto nos números 6 e 9 do artigo 7.

6. Con periodicidade trimestral, a entidade designada polas entidades involucradas no proceso de integración ou, se é o caso, a entidade resultante deste remitirá ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria un informe sobre o grao de cumprimento das medidas establecidas no plan de integración aprobado. O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, á vista do contido dese informe, poderá requirir a adopción das accións que sexan necesarias para asegurar que o plan de integración se leva efectivamente a termo.

7. Se, como consecuencia da evolución da situación económico-financeira da entidade resultante do proceso de integración ou do desenvolvemento das condicións dos mercados, se advirte que o plan de integración non se pode cumprir nos termos en que foi aprobado, a entidade poderá solicitar ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria unha modificación dos ditos termos, que poderá incluír, entre outros aspectos, unha extensión do prazo de recompra dos títulos subscritos polo Fondo a que se refire o número 2 anterior, ata dous anos máis. A modificación do plan de integración acordada co Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria deberá ser aprobada polo Banco de España.

8. Se, como consecuencia da evolución da situación económico-financeira da entidade resultante do proceso de integración ou do desenvolvemento das condicións dos mercados, o plan de integración non se pode levar a cabo e a entidade se encontra na situación prevista no artigo 6, aplicaráselle á dita entidade o disposto no artigo 7, e nos plans que, de acordo con ese artigo, se aproben deberá preverse o que proceda respecto dos títulos subscritos polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.»

TÍTULO III

Modificación do Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforro

Artigo 4. *Modificación do Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforro.*

O Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforro, queda modificado da seguinte maneira:

Un. O artigo 5 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 5. *Exercicio indirecto da actividade financeira das caixas de aforro.*

1. As caixas de aforro poderán desenvolver o seu obxecto propio como entidade de crédito a través dunha entidade bancaria á cal achegarán todo o seu negocio financeiro. Igualmente poderán achegar todo ou parte dos seus activos non financeiros adscritos a el.

2. A entidade bancaria a través da cal a caixa de aforros exerza a súa actividade como entidade de crédito poderá utilizar na súa denominación social e

na súa actividade expresións que permitan identificar o seu carácter instrumental, incluídas as denominacións propias da caixa de aforros de que dependa.

3. Ás caixas de aforro que desenvolvan a súa actividade como entidade de crédito a través dunha entidade bancaria de acordo co previsto neste artigo seranlles de aplicación as seguintes especialidades:

a) Os órganos de goberno da caixa serán a Asemblea Xeral, o Consello de Administración e, potestativamente, a Comisión de Control.

b) A representación dos intereses colectivos dos impositores, das corporacións municipais que non tivesen a condición de entidade fundadora da caixa e dos traballadores nos seus órganos de goberno establecerase da seguinte maneira:

i. A representación das corporacións municipais levarase a cabo sobre a base daquelas en cuxo termo teña aberta oficina a entidade bancaria a través da cal a caixa de aforros desenvolva a súa actividade financeira.

ii. A representación dos grupos de impositores e traballadores levarase a cabo sobre a base dos correspondentes colectivos da entidade bancaria a través da cal a caixa de aforros desenvolva a súa actividade financeira. A representación dos traballadores nos órganos de goberno incluírá, así mesmo, os empregados da caixa de aforros.

O número de membros dos órganos de goberno así como a periodicidade das súas sesións serán determinados polos estatutos da caixa de aforros atendendo á dimensión económica e á actividade da entidade.

4. Sen prexuízo do cumprimento do disposto na normativa de recursos propios, as caixas de aforro ás cales se refire o presente artigo non poderán destinar máis do 10 % dos excedentes de libre disposición a gastos diferentes aos correspondentes á súa obra social. Non obstante, o Banco de España poderá autorizar o destino de porcentaxes superiores necesarias para atender gastos esenciais de funcionamento das entidades.

5. As asembleas xerais poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

As asembleas ordinarias realizaranse unha vez ao ano. Pola súa parte, as asembleas extraordinarias realizaranse tantas veces cantas sexan expresamente convocadas.

A asemblea xeral será convocada polo Consello de Administración mediante anuncio publicado no "Boletín Oficial del Registro Mercantil" e na páxina web da caixa, con quince días, polo menos, de antelación. A convocatoria expresará a data, lugar e orde do día, así como a data e hora de reunión en segunda convocatoria.

Os estatutos poderán establecer, en substitución do sistema anterior, que a convocatoria se realice mediante anuncio publicado na páxina web da caixa, ou por calquera procedemento de comunicación, individual e escrita, que asegure a recepción do anuncio por todos os conselleiros xerais.

A asemblea xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando os conselleiros xerais presentes e, se for o caso, os cotapartícipes presentes ou representados posúan, polo menos, o cincuenta por cento dos dereitos de voto. A constitución en segunda convocatoria será válida calquera que sexa o número de asistentes. Os conselleiros xerais non poderán estar representados por outro conselleiro ou por terceira persoa, sexa física ou xurídica.

6. As caixas de aforro que desenvolvan o seu obxecto propio como entidade de crédito a través dunha entidade bancaria conforme o previsto neste artigo estarán eximidas das obrigas contidas na sección 1.^a do capítulo V da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro e a súa normativa de desenvolvemento.

Adicionalmente, o Banco de España poderá adaptar ou eximir do cumprimento dos requirimentos prudenciais e organizativos en materia de control interno, auditoría e xestión de riscos recollidos na Lei 13/1985, do 25 de maio, de

coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, e a súa normativa de desenvolvemento, de maneira individual as caixas de aforro previstas neste artigo.

En todo caso, as obrigas establecidas nos parágrafos anteriores serán cumpridas pola entidade bancaria a través da cal as caixas de aforro exercen a súa actividade.

7. Se unha caixa de aforros deixa de ter o control nos termos do artigo 42 do Código de comercio ou reduce a súa participación de modo que non alcance o 25 % dos dereitos de voto da entidade de crédito a que se refire a presente disposición, deberá renunciar á autorización para actuar como entidade de crédito segundo o previsto na Lei de ordenación bancaria do 31 de decembro de 1946 e proceder á súa transformación en fundación especial de acordo co previsto no artigo seguinte.

8. O establecido na presente disposición será tamén de aplicación a aquelas caixas de aforro que, de forma concertada, exerzan en exclusiva o seu obxecto como entidades de crédito a través dunha entidade de crédito controlada conxuntamente por todas elas conforme o disposto no artigo 8.3 da Lei 13/1985, do 25 de maio.

En particular, a perda de control e a redución da participación conxunta por debaixo do límite establecido no punto anterior dará lugar á perda da condición de entidades de crédito de todas as integrantes e á súa transformación en fundacións especiais.»

Dous. O artigo 6 queda redactado como segue:

«Artigo 6. *Transformación de caixas de aforro en fundacións de carácter especial.*

1. As caixas de aforro poderán acordar a segregación das súas actividades financeira e benéfico-social mediante o réxime previsto neste artigo nos seguintes casos:

- a) Conforme o previsto no número 5 do artigo anterior.
- b) Como consecuencia da renuncia á autorización para actuar como entidade de crédito e nos demais supostos de revogación.
- c) Como consecuencia da intervención da entidade de crédito nos supostos previstos na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

Para tal efecto traspasarán todo o patrimonio afecto á súa actividade financeira a outra entidade de crédito a cambio de accións desta última e transformaranse nunha fundación de carácter especial perdendo a súa condición de entidade de crédito.

O establecido nas alíneas a) e c) deste punto será tamén de aplicación a aquelas caixas de aforro que, de forma concertada, exerzan en exclusiva o seu obxecto como entidades de crédito a través dunha entidade de crédito controlada conxuntamente por todas elas. En tal caso, as caixas integrantes traspasarán todo o patrimonio afecto á súa actividade financeira a outra entidade de crédito a cambio de accións desta última e transformaranse en fundacións de carácter especial perdendo a súa condición de entidade de crédito.

A fundación centrará a súa actividade na atención e desenvolvemento da súa obra benéfico-social, para o cal poderá levar a cabo a xestión da súa carteira de valores. A fundación deberá destinar á súa finalidade benéfico-social o produto dos fondos, participacións e investimentos que integren o seu patrimonio. Auxiliariamente, poderá levar a cabo a actividade de fomento da educación financeira.

2. Xunto co acordo de transformación, a asemblea xeral da caixa, ou a das caixas de maneira conxunta, acordará a constitución de fundacións de carácter especial, con aprobación dos seus estatutos e designación do seu padroado. A

segregación da actividade financeira, pola súa parte, rexeráse polo establecido na Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís.

3. Correspóndelle ao Estado a supervisión e o control das fundacións de carácter especial a que se refire o presente real decreto lei, cuxo ámbito de actuación principal exceda o dunha comunidade autónoma, a través do protectorado que será exercido polo Ministerio de Economía e Competitividade. Nos supostos de segregación, considerarase ámbito de actuación da fundación de carácter especial o da entidade bancaria resultante da segregación.

As fundacións de carácter especial a que se refire o presente real decreto lei gozarán de personalidade xurídica desde a inscrición da escritura pública da súa constitución no correspondente rexistro. No caso das fundacións de ámbito estatal, a dita inscrición realizarase no rexistro especial que para o efecto se constituía no Ministerio de Economía e Competitividade.

4. As fundacións de carácter especial rexeráanse por este real decreto lei e a súa normativa de desenvolvemento. Supletoriamente, será de aplicación a normativa en materia de fundacións.»

TÍTULO IV

Remuneracións

Artigo 5. Remuneracións nas entidades que reciban apoio financeiro público para o seu saneamento ou reestruturación.

1. Os administradores e os directivos das entidades de crédito participadas maioritariamente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria non percibirán, durante o exercicio 2012, retribución variable nin beneficios discretiónais de pensións.

Sen prexuízo do anterior, as entidades previstas neste punto axustarán as condicións retributivas dos seus administradores e directivos ás previstas no número 3 deste artigo e na normativa que se dite no seu desenvolvemento.

2. A retribución variable correspondente aos exercicios en que subsista o apoio financeiro público dos administradores e directivos das entidades de crédito que, sen estaren maioritariamente participadas polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, recibisen apoio financeiro deste, diferirase tres anos, e estará condicionada á obtención dos resultados que, en relación co cumprimento do plan elaborado para a obtención daquel, xustifiquen a súa percepción. O Banco de España apreciará a concorrencia desta circunstancia no exercicio da potestade atribuída pola norma 105, número 2.g da Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos, sen prexuízo da aplicación do resto de criterios fixados nela.

Sen prexuízo do anterior, as entidades previstas neste punto axustarán as condicións retributivas dos seus administradores e directivos ás regras previstas no número 3 deste artigo e na normativa que se dite en desenvolvemento deste.

3. As entidades que soliciten apoio financeiro do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria para o seu saneamento ou reestruturación, como requisito necesario para desfrutar del, deberán incorporar aos contratos que regulen a súa relación cos seus conselleiros e directivos o contido mínimo que determine o ministro de Economía e Competitividade. A orde ministerial que se dite en uso desta habilitación conterá, entre outras, as seguintes regras:

a) Limitacións á retribución con referencia da aplicada a colectivos similares pola media das entidades equiparables por tamaño e complexidade. En todo caso, as limitacións respectarán as seguintes contías máximas:

1.^a Retribución, por todos os conceptos, dos membros dos órganos colexiados de administración de entidades participadas maioritariamente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, distintos dos recollidos nos seguintes números: 50.000 euros.

2.^a Retribución, por todos os conceptos, dos membros dos órganos colexiados de administración distintos dos recollidos nos seguintes números, das entidades que, sen estaren maioritariamente participadas polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, reciban apoio financeiro deste: 100.000 euros.

3.^a Retribución fixa por todos os conceptos de presidentes executivos, conselleiros delegados e directivos das entidades participadas maioritariamente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria: 300.000 euros.

4.^a Retribución fixa por todos os conceptos de presidentes executivos, conselleiros delegados e directivos das entidades que, sen estaren maioritariamente participadas polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, reciban apoio financeiro deste: 600.000 euros.

Para o efecto do cómputo dos límites anteriores, teranse en conta todas as retribucións percibidas dentro do grupo a que pertenza a entidade de crédito. Para eses mesmos efectos, a retribución fixa dos presidentes e conselleiros executivos incluírá as axudas de custo que perciban pola súa pertenza ao consello de administración ou órganos dependentes deste.

b) Limitacións á retribución variable, expresada en termos porcentuais sobre a retribución fixa, con referencia á aplicada a colectivos similares pola media das entidades equiparables por tamaño e complexidade, con aplicación das regras establecidas no número 2 deste artigo.

4. As limitacións dos números 1, 2 e 3 poderán levantarse unha vez producido o saneamento da entidade mediante o pagamento, amortización, rescate ou alleamento dos títulos subscritos polo Fondo, ou cando de calquera outro modo se entenda reintegrado a este o apoio financeiro prestado.

5. Este artigo e as regras que, en uso da habilitación prevista nel, aprobe o ministro de Economía e Competitividade, tamén se deberán aplicar, na parte que corresponda, ás condicións retributivas dos membros dos órganos de administración das entidades a que se refiren os números 1 a 3 e cuxa relación coa entidade non se regule en contrato ningún.

6. Cando as entidades a que se refiren os números 1, 2 e 3 participen nun proceso de integración dos previstos no artigo 2 deste real decreto lei, as limitacións ás remuneracións recollidas nos ditos puntos só serán de aplicación aos administradores e directivos que o sexan daquela das entidades que precise o apoio financeiro público ou que dea orixe a el, e que para os efectos deste punto deberá identificarse como tal no correspondente plan de integración. Así mesmo, o ministro de Economía e Competitividade, á vista do plan de retribucións presentado no marco do proceso de integración regulado no artigo 2 do real decreto lei e da situación económico-financiera das entidades participantes nel, poderá modificar os criterios e límites fixados nos números 2 e 3 do presente artigo.

7. Para os efectos deste artigo, enténdense por directivos os directores xerais así como os integrantes da alta dirección, de conformidade coa definición contida no artigo 1 do Real decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección.

8. O incumprimento polas entidades das previsións contidas neste artigo será constitutivo de infracción grave, polo que incorrerán en responsabilidade administrativa sancionable de acordo co disposto no título I da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

Disposición adicional primeira. *Tratamento excepcional das participacións preferentes e outros instrumentos en circulación.*

As entidades de crédito que teñan en circulación participacións preferentes ou instrumentos de débeda obrigatoriamente convertibles en accións emitidas antes da entrada en vigor deste real decreto lei poderán incluír no plan de cumprimento a que se

refire o artigo 1 a solicitude de diferir por un prazo non superior a doce meses o pagamento da remuneración prevista a pesar de que, como consecuencia do saneamento que tivesen que levar a cabo segundo o disposto neste real decreto lei, non dispoña de beneficios ou reservas distribuibles suficientes ou exista un déficit de recursos propios na entidade de crédito emisora ou dominante.

O pagamento da remuneración así diferido soamente se poderá efectuar, transcorrido o prazo de diferimento, se se dispón de beneficios ou reservas distribuibles suficientes e non existe un déficit de recursos propios na entidade de crédito emisora ou dominante.

Disposición adicional segunda. *Réxime aplicable ás caixas de aforro integrantes dun sistema institucional de protección.*

En caso de achega da titularidade de todos os activos e pasivos afectos ao respectivo negocio bancario á entidade central dun sistema institucional de protección, considerarase que ás caixas de aforro integrantes se lles aplicará o réxime de exercicio indirecto previsto no Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforro.

Disposición adicional terceira. *Aplicación do réxime previsto na Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, ás entidades participantes en procesos de integración.*

Ás entidades participantes en procesos de integración conforme o previsto no artigo 2 deste real decreto lei seranlles de aplicación as previsións contidas no artigo 25, número 1, en relación coa posta á disposición da rede de distribución das entidades de crédito e a fragmentación desta, e no artigo 25, número 4, ambos os dous da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, a partir do 1 de xaneiro de 2014.

Disposición adicional cuarta. *Incremento da dotación do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria*

1. A dotación do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria incrementase en 6.000 millóns de euros adicionais, con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

2. As referencias á ministra de Economía e Facenda contidas no Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito, entenderanse realizadas ao ministro de Economía e Competitividade, salvo as incluídas nos artigos 2.5, 7.2, 9.3 e 10.3 do citado real decreto lei.

Disposición adicional quinta. *Cómputo de perdas nos supostos de redución obrigatoria de capital social na sociedade anónima e de disolución nas sociedades anónimas e de responsabilidade limitada.*

Renóvase, sen solución de continuidade e para todos os efectos legais, durante o exercicio social que se peche a partir da entrada en vigor do presente real decreto lei, a aplicación do disposto no número 1 da disposición adicional única do Real decreto lei 10/2008, do 12 de decembro.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto no presente real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos reitores das caixas de aforro.*

O artigo 1.Un da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos reitores das caixas de aforro, queda redactado como segue:

«Un. A administración, xestión, representación e control das caixas de aforro corresponde aos seguintes órganos de goberno:

- a) Asemblea Xeral.
- b) Consello de Administración.
- c) Comisión de Control.

Adicionalmente, serán órganos das caixas de aforros o director xeral e as comisións de Investimentos, Retribucións e Nomeamentos e Obra Benéfico Social.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España.*

A disposición adicional sexta da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, queda redactada como segue:

«1. Para efectos do previsto na presente disposición entenderase por garantía calquera peñor, operación simultánea, compravenda con pacto de recompra, afección, dereito de retención, depósito, cesión ou calquera outro negocio xurídico con finalidade de garantía, que recaia sobre calquera activo realizable ou susceptible de apropiación, incluído o diñeiro en efectivo, e que teña por finalidade asegurar os dereitos e obrigas derivados de calquera operación presente ou futura, concluída co Banco de España, o Banco Central Europeo ou outro banco central nacional da Unión Europea.

2. A estas garantías seralles de aplicación o seguinte réxime xurídico:

a) A súa constitución non requirirá, para a súa plena validez, eficacia fronte ao garante ou fronte a terceiros, executabilidade, mesmo para os efectos dos artigos 517 e 571 e seguintes da Lei de axuizamento civil, ou admisibilidade como proba, a intervención de notario nin o cumprimento de ningún outro requisito formal distinto de, por un lado, a constancia por escrito ou de forma xuridicamente equivalente do acordo de garantía ou, se for o caso, a manifestación unilateral do garante, e, por outro lado, da achega do activo obxecto da garantía e a constancia por escrito ou de forma xuridicamente equivalente da dita achega.

Para os efectos desta disposición adicional, o rexistro ou anotación por medios electrónicos e en calquera soporte duradeiro terá a consideración de forma xuridicamente equivalente á constancia por escrito.

A formalización da correspondente obriga principal tampouco requirirá para a súa plena validez eficacia fronte ao garante ou fronte a terceiros, executabilidade, mesmo para os efectos dos artigos 517 e 571 e seguintes da Lei de axuizamento civil, ou admisibilidade como proba, a intervención de notario nin o cumprimento de ningún outro requisito formal.

b) Para operacións en que o beneficiario último da garantía sexa o Banco de España, o Banco Central Europeo ou outro banco central nacional da Unión Europea, xa sexa directamente ou mediante a intermediación dun terceiro, cando os activos obxecto da garantía sexan valores ou instrumentos financeiros representados mediante anotacións en conta, a súa achega e a constancia por escrito ou de forma xuridicamente equivalente da dita achega poderase instrumentar mediante algún dos procedementos seguintes:

1.º Ben mediante transferencia contable, con desprazamento da propiedade, dos valores ou instrumentos financeiros a unha conta do beneficiario ou dun terceiro actuando directa ou indirectamente en nome ou por conta do beneficiario, seguindo o artigo 9 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, perdendo o garante a propiedade do valor ou instrumento financeiro a favor do beneficiario ou terceiro.

2.º Ben mediante a anotación da garantía na conta correspondente seguindo o artigo 10 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, conservando o garante a propiedade do valor ou instrumento financeiro.

3.º Ben mediante transferencia contable ou anotación dos valores ou instrumentos financeiros, sen desprazamento da propiedade, nunha conta a nome do beneficiario ou dun terceiro actuando directa ou indirectamente en nome ou por conta do beneficiario. Esta conta terá como único obxectivo recibir as anotacións das pignoracións realizadas sobre valores e instrumentos representados mediante anotacións en conta e o garante manterá a súa propiedade.

No suposto de que o obxecto da garantía sexa unha conta de valores ou instrumentos financeiros, a súa achega e a constancia por escrito ou de forma xuridicamente equivalente da dita achega instrumentarase mediante a anotación da garantía na correspondente conta, e será de aplicación ao dito peñor mutatis mutandis o previsto no último parágrafo da alínea e) seguinte.

c) No suposto de que os activos obxecto da garantía sexan valores representados mediante títulos físicos, a súa achega e a constancia por escrito ou de forma xuridicamente equivalente da dita achega poderase instrumentar mediante a súa entrega ao beneficiario da garantía ou a un terceiro establecido por común acordo entre as partes.

d) Para a súa execución abondará coa certificación expedida polo Banco de España, o Banco Central Europeo ou o banco central nacional da Unión Europea que corresponda, acreditativa da contía dos importes vencidos, líquidos e exixibles que se executan, xunto coa orde de alleamento, apropiación ou traspaso libre de pagamento dos activos constitutivos da garantía, segundo corresponda de conformidade co previsto nesta alínea. Nesta certificación deberase facer constar que a liquidación se practicou de conformidade co acordo, pacto e/ou norma de que deriva a obriga de que se trate.

A elección do beneficiario, e con suxeición aos termos do acordo de garantía, a execución poderase levar a cabo mediante calquera dos procedementos recoñecidos polo ordenamento xurídico vixente.

Cando o obxecto da garantía estea constituído por activos negociados nun mercado organizado, o seu alleamento farase a través do organismo reitor correspondente. Sen prexuízo de calquera outro procedemento de alleamento recoñecido polo ordenamento xurídico vixente, nos demais casos o alleamento poderase levar a cabo tamén mediante poxa organizada polo Banco de España.

Así mesmo, naqueles supostos en que a constitución da garantía non se instrumentase xa mediante a transmisión da propiedade dos correspondentes activos, a execución tamén se poderá realizar mediante a apropiación polo Banco de España, o Banco Central Europeo ou o banco central nacional da Unión Europea que corresponda dos activos sobre os cales se constituíu a garantía e compensación do seu valor ou aplicación do seu valor ao cumprimento das obrigas garantidas, sempre e cando: (i) así se pactase entre a entidade que achega os activos de garantía e o Banco de España, o Banco Central Europeo ou o banco central nacional da Unión Europea que corresponda e (ii) se previse entre as partes as modalidades de valoración dos activos de garantía.

En todo caso, o sobranse que resulte unha vez satisfeita a débeda correspondente reintegraráselle á entidade que achegase os activos de garantía.

e) Cando o obxecto da garantía consista en peñor sobre depósitos en diñeiro, o beneficiario ou, se é o caso, a entidade depositaria do efectivo deberá anotar na correspondente conta a constitución do peñor sobre a conta ou, se é o caso, sobre o importe pignorado, unha vez que teña constancia do consentimento do titular da dita conta.

A súa constitución non requirirá, para a súa plena validez, eficacia fronte ao garante ou fronte a terceiros, executabilidade ou admisibilidade como proba, a

intervención de notario nin o cumprimento de ningún outro requisito formal distinto da anotación a que se refire o parágrafo anterior, que equivalerá á achega do activo obxecto da garantía e a constancia por escrito ou de forma xuridicamente equivalente da dita achega.

O dito peñor executarase por compensación e quedarán á disposición do titular da conta os fondos sobrantes, se os houber, unha vez satisfeita a débeda.

A partir da anotación prevista no primeiro parágrafo deste punto, as cantidades ingresadas na conta cuxo saldo permanece pignorado ou, se é o caso, unicamente o importe pignorado quedarán polo simple feito do seu ingreso afectos de maneira irrevogable e sen limitación ningunha ao cumprimento íntegro das obrigas garantidas. Igualmente, e salvo que as partes acordasen o contrario, a partir do momento da anotación do peñor, o titular da conta non poderá retirar fondos depositados nela ou, se for o caso, o importe pignorado sen o consentimento previo do beneficiario da garantía.

f) Os activos en que se materialicen as garantías poderanse aplicar á liquidación das obrigas garantidas mesmo en caso de apertura dun procedemento concursal ou de liquidación administrativa. As ditas garantías poderanse executar de forma separada, inmediatamente, de acordo co pactado entre as partes e co previsto nesta disposición adicional.

As garantías non se verán limitadas, restrinxidas ou afectadas en calquera forma polo concurso ou a liquidación administrativa da outra parte.

En particular, a constitución, aceptación ou execución das garantías a que se refire esta disposición adicional, o saldo das contas ou rexistros en que se materialicen e a formalización das obrigas garantidas non serán impugnables no caso de accións de reintegración vinculadas a un procedemento concursal ou de liquidación administrativa.

g) A data de constitución da garantía, así como o saldo e a data que figuren na certificación emitida polo Banco de España, o Banco Central Europeo ou os demais bancos centrais nacionais da Unión Europea a que se refire a alínea b), farán proba fronte á propia entidade e a terceiros.

As garantías constituídas de acordo coas normas desta disposición adicional non serán susceptibles de embargo, traba, gravame nin de ningunha outra restrición ou retención de calquera natureza tanto legal como convencional, desde o momento da súa constitución.

3. As partes poderán pactar que, no caso de variacións no valor dos activos obxecto da garantía ou na contía das obrigas garantidas, se deberán achegar novos activos, incluído o efectivo, ou, se é o caso, e cando así se pacte, devolverse para restablecer o equilibrio entre o valor das obrigas garantidas e o valor das garantías constituídas para aseguralas. En tal caso, os ditos activos terán a consideración de parte integrante da garantía inicial e serán tratados como se fosen achegados de maneira simultánea á achega do obxecto inicial da garantía financeira, séndolles de aplicación todo o disposto na presente disposición.

4. A constitución de garantías sobre préstamos ou créditos non hipotecarios a favor do Banco de España, do Banco Central Europeo ou doutros bancos centrais nacionais da Unión Europea, para asegurar o cumprimento das obrigas presentes ou futuras contraídas fronte a eles por operacións concluídas no exercicio da súas funcións rexerese, ademais de polo disposto no número un, nas alíneas a), d), f) e g) do número dous e nos puntos seguintes da presente disposición, polas seguintes normas:

a) Os préstamos e créditos serán susceptibles de pignoración ou cesión calquera que sexa o requisito formal ou material que as partes pactasen ao respecto da súa cesión ou gravame. A subministración de información ou documentación relativa aos préstamos ou créditos ou os dereitos de crédito derivados deles, incluíndo a relacionada cos correspondentes debedores e, se é o caso, garantes, ao Banco de España, o Banco Central Europeo ou os bancos

centrais nacionais da Unión Europea, así como, se for o caso, a aqueles terceiros a que estes puidesen ceder os seus dereitos en caso de transmisión dos dereitos de crédito ou de execución das garantías sobre eles, non suporá o incumprimento da normativa sobre segredo bancario ou protección de datos persoais.

A pignoración ou cesión referirase unicamente, salvo pacto en contrario, aos dereitos de crédito dimanantes do correspondente contrato. En ningún caso o cesionario ou beneficiario da garantía asumirá a obriga de pór fondos á disposición dos acreditados. A pignoración ou cesión realizadas de conformidade co disposto neste punto en ningún caso suporá incumprimento dos préstamos ou créditos correspondentes e non requirirá o consentimento do debedor ou garante dos créditos pignorados ou cedidos.

b) A achega e a constancia por escrito ou de forma xuridicamente equivalente da achega dos dereitos de crédito poderase instrumentar mediante a entrega ao beneficiario dos modelos aprobados para tal efecto por este ou mediante a comunicación por escrito ou de forma xuridicamente equivalente ao beneficiario dos datos dos dereitos de crédito na forma establecida para tal efecto por este, sen que sexa necesario o cumprimento de ningún outro requisito formal para a plena validez da pignoración ou cesión, ou a súa eficacia fronte ao debedor e, se for o caso, o garante, ou fronte a calquera terceiro, nin para a súa executabilidade ou admisibilidade como proba.

c) Os froitos dos préstamos ou créditos cedidos ou pignorados corresponderán, salvo pacto en contrario, á entidade de crédito que achega a garantía.

d) En caso de incumprimento das obrigas garantidas, o beneficiario da garantía adquirirá a plena titularidade dos correspondentes dereitos de crédito. Non obstante, e sen prexuízo de calquera outro procedemento de execución recoñecido no ordenamento xurídico vixente, poderá tamén executarse a garantía mediante poxa organizada polo Banco de España.

e) O debedor ou, se é o caso, garante dun dereito de crédito que fose cedido ou pignorado a favor do Banco de España, o Banco Central Europeo ou os bancos centrais nacionais da Unión Europea non poderá opor fronte a estes, nin fronte a aqueles terceiros aos cales se puiden transmitir posteriormente o correspondente dereito de crédito, ningunha das excepcións que lle tivesen correspondido fronte á entidade de crédito cedente ou pignorante, nin sequera a compensación.

5. Nos contratos que conclúa no exercicio das súas funcións, o Banco de España poderá pactar a súa resolución ou extinción mesmo nos casos de situacións concursais ou de liquidación administrativa. Así mesmo, en tales supostos de concurso ou de liquidación administrativa, as operacións garantidas de acordo co disposto nesta disposición adicional terán a consideración de créditos de dereito público para os efectos da aplicación do artigo 91.4 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, na parte que non poida ser satisfeita con cargo ás garantías constituídas.

6. No non previsto expresamente na presente disposición adicional será de aplicación supletoriamente o réxime que, respecto das garantías financeiras, establece o capítulo II do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública.

7. Regulamentariamente poderá desenvolverse o establecido na presente disposición.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro.*

O número 2 da disposición transitoria terceira do Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro, queda modificado como segue:

«2. Os instrumentos de débeda emitidos con posterioridade á entrada en vigor do presente real decreto lei, que contén con cláusulas en virtude das cales

sexan convertibles en accións ordinarias, integrarán o capital principal previsto no artigo 2 deste real decreto lei sempre que cumpran as seguintes condicións:

- a) prevexan a súa obrigatoria conversión como máis tarde o 31 de decembro de 2018 ou, antes da dita data, en caso de saneamento ou reestruturación da entidade ou do seu grupo;
- b) que o límite máximo ao número e nominal de accións que se van entregar na conversión estea determinado no momento da emisión dos instrumentos de débeda;
- c) o emisor poida, discrecionalmente, decidir en calquera momento a falta de pagamento do cupón devengado sempre que a súa situación de solvencia ou a do seu grupo así o requira;
- d) prevexan a súa obrigatoria conversión cando se incumpra o coeficiente de recursos propios mínimos; e,
- e) a súa comercialización se realice de acordo cos criterios que estableza a Comisión Nacional do Mercado de Valores para asegurar a adecuada protección dos investidores e, en concreto, a efectividade da relación de conversión que se propoña aos investidores. Adicionalmente, no caso de que unha parte da emisión se comercialice entre a clientela retailista, requirirase a solicitude de admisión a negociación, tanto do instrumento de débeda coma do título de capital, nun mercado secundario oficial.

Os contratos ou folletos de emisión correspondentes, así como calquera modificación das súas características, remitiranse ao Banco de España co fin de cualificar a súa computabilidade como capital principal.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.*

O Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, queda modificado da seguinte maneira:

Un. A alínea b) do número 2 do artigo 6 queda redactada como segue:

«b) As derramas que realice o Fondo entre as entidades adheridas a el, distribuídas segundo a base de cálculo das achegas, que se rexistrarán como patrimonio unha vez que sexan acordadas.»

Dous. O segundo parágrafo do artigo 7.5 queda redactado como segue:

«Non obstante, requirirase maioría de dous terzos para acordar a realización daquelas derramas que establezan a obriga de efectuar pagamentos adicionais ás achegas anuais ordinarias ou que adianten o pagamento destas últimas, así como para as medidas recollidas no marco dos plans de actuación a que se fai referencia no artigo 11.»

Disposición derradeira quinta. *Títulos competenciais.*

O presente real decreto lei dítase ao abeiro do disposto nas regras 6.^a, 11.^a e 13.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que atribúen ao Estado a competencia sobre lexislación mercantil, bases da ordenación do crédito, banca e seguros e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira sexta. *Facultade de desenvolvemento.*

O Goberno poderá ditar as normas regulamentarias necesarias para o desenvolvemento do disposto neste real decreto lei.

Habílase o ministro de Economía e Competitividade para modificar o previsto nos anexos I e II.

O Banco de España aprobará as modificacións que resulten pertinentes para acomodar o disposto na Circular 4/2004 ao presente real decreto lei. A partir do 31 de decembro de 2012 o Banco de España poderá modificar as coberturas previstas no anexo I de acordo co disposto no artigo 48.1 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de febreiro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO I

1. Os activos inmobiliarios recibidos en pagamento de débedas polas entidades de crédito e que contén cunha antigüidade en balance superior a 36 meses terán unha porcentaxe de cobertura de polo menos o 40 %.

2. As coberturas que correspondan por operacións cualificadas como dubidosas destinadas ao financiamento de construcións ou promocións inmobiliarias de todo tipo de activos, que se encontren terminadas, en ningún caso poderán ser inferiores ao 25 % do importe do risco vivo.

3. As coberturas que correspondan por operacións cualificadas como subestándar destinadas ao financiamento de construcións ou promocións inmobiliarias de todo tipo de activos, que se encontren terminadas, en ningún caso poderán ser inferiores ao 20 % do importe do risco vivo. Esta porcentaxe será do 24 % para aquelas operacións que non contén con garantía real.

4. As coberturas que correspondan por operacións cualificadas como dubidosas ou como subestándar, destinadas ao financiamento de solo para promoción inmobiliaria ou de construcións ou promocións inmobiliarias de todo tipo de activos, que se encontren en curso, en ningún caso poderán ser inferiores ás porcentaxes que se indican a continuación:

Clase de activo	Dubidoso – Porcentaxe	Subestándar – Porcentaxe
Financiamento de solo para promoción inmobiliaria	60	60
Financiamento de construción ou promoción inmobiliaria en curso con obra parada	50	50
Financiamento de construción ou promoción inmobiliaria en curso con obra en marcha	50	24

5. As porcentaxes mínimas de cobertura relativas a activos inmobiliarios recibidos en pagamento de débedas non poderán ser inferiores ás seguintes:

a) Activos recibidos consistentes en construcións ou promocións inmobiliarias terminadas, así como vivendas de particulares que non fosen residencia habitual dos prestameiros.

A porcentaxe de deterioración mínima aplicable aos activos adxudicados en pagamento de débedas será do 25 %, e as porcentaxes mínimas de cobertura en función da antigüidade da súa incorporación ao balance serán as recollidas no seguinte cadro:

Prazo desde a adquisición	Porcentaxe de cobertura
Máis de 12 meses sen exceder os 24	30
Máis de 24 meses sen exceder os 36	40
Máis de 36 meses	50

b) Activos recibidos consistentes en solo para promoción inmobiliaria ou construcións ou promocións inmobiliarias en curso, con independencia da antigüidade da súa incorporación ao balance.

Clase de activo	Porcentaxe de cobertura
Solo para promoción inmobiliaria	60
Construción ou promoción inmobiliaria en curso	50

ANEXO II

O exceso adicional de capital principal a que se refire o número 4 do artigo 1 do presente real decreto lei deberá ser equivalente á suma dos importes que resulten dos cálculos que a continuación se sinalan. Destes importes deduciranse as provisións constituídas polos ditos activos.

a) Activos clasificados como dubidosos e subestándar de acordo co anexo IX da Circular 4/2004, do 22 de decembro, ás entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros:

Clase de activo	Porcentaxe sobre importe do risco vivo
Financiamento de solo	80
Financiamento de promocións en curso (excepto subestándar con obra en marcha)	65

b) Activos recibidos en pagamento de débedas:

Clase de activo	Porcentaxe sobre valor contable
Solo	80
Promocións en curso	65